



<b>Expediente</b>	1860/2022
<b>Código SIA</b>	1441036
<b>Procedemento</b>	Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)
<b>Asunto</b>	APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS
<b>Unidade Xestora</b>	200 Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
<b>Documento</b>	Comunicación órgano xestor
<b>Trámite</b>	Consulta pública previa

**CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de aprobación de normas e con carácter previo á elaboración destas, se sustanciará unha consulta pública a través do portal web da Administración competente, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

**A) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa**

O Concello de Bueu dispón da Praza de Abastos, que se sitúa na rúa Montero Ríos e que consta de varios postos de venda de peixe, carnes, legumes, hortalizas e froitas, panadería, e que actúa como un motor económico da vila, dado que ten horario de mañá e de tarde.

Os postos desta Praza outórganse por concesión, e precisamos actualizar a normativa anterior do 2002, para que estas instalacións poidan seguir sendo utilizadas e dotadas dun marco de seguridade xurídica.





**B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación**

É necesario aprobar un novo texto xa que o actual data do ano 2002, e a Praza de Abastos é un servizo municipal imprescindible.

**C) Obxectivos da norma**

- Regular as autorizacións para os postos da Praza de Abastos e establecer as condicións para dispoñer deles.
- Establecer as obrigas dos postos e dos seus concesionarios/as e do Concello de Bueu como unidade administradora.
- Detallar as normas de utilización da Praza de Abastos.
- Actualizar o réxime de sancións leves, graves e moi graves.

**D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias**

- Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista.
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia
- Demais normativa que sexa de aplicación, especialmente as disposicións específicas en materia sanitaria e de control de alimentos e bebidas.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario, que figura como anexo único a este anuncio, durante o **prazo de QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no taboleiro electrónico do concello de Bueu**, aloxado na sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>).

Para o exercizo deste dereito, os cidadáns, organizacións e asociacións que desexen facer achegas das súas suxestións dispoñen dun trámite electrónico no “*Catálogo de trámites*” da sede electrónica, denominado “*Participación na Elaboración de Normativa*”, a través do cal poderán realizar a [Tramitación Electrónica](#) e [Descargar instancia](#)

**PUBLÍCASE PROPOSTA DE REGULAMENTO DO SERVIZO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**





**ANEXO UNICO- CUESTIONARIO**

**Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa**

**Necesidade e Oportunidade da súa aprobación**

**Obxectivos da norma**

**Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias**





## **PROPOSTA DE REGULAMENTO DO SERVIZO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

De conformidade co previsto no art. 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello de Bueu elabora o presente Regulamento do Servizo do Mercado Municipal de Abastos, fundamentado nos principios de necesidade e eficacia, resultando unha competencia propia dos Concellos a relativa ao servizo de Mercado Municipal de Abastos, como se determina no art. 25.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local do que deriva o interese xeral da súa debida regulación, tratando de acomodarse as previsións do Regulamento ata agora vixente, aprobado no ano 2022, á normativa en vigor, sendo o instrumento máis adecuado para a súa consecución. Recolléndose a regulación imprescindible para atender a precipitada necesidade, tras constatar a ausencia doutras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios. Resultando en todo caso coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisión das persoas e empresas e, evitándose cargas administrativas innecesarias ou accesorias, racionalizando a xestión dos recursos públicos.

Este Concello posibilita o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e aos documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no art.7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Partindo do establecido no art.95 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en material de réxime local, art. 30 e seguintes do Decreto do 17 de xuño de 1995, de Servizos das Corporacións Locais e art. 284.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Concello de Bueu establece o seguinte Regulamento do servizo do Mercado Municipal de Abastos, co fin de determina-lo seu réxime xurídico básico.

## **TÍTULO I DO SERVIZO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**

### **CAPÍTULO I. OBXECTO**





### **Art. 1. Servizo obxecto de regulación**

Considéranse Mercado Municipal de Abastos os edificios e instalacións utilizados para a venda ao por menor dos produtos destinados ao abastecemento público, especialmente en canto se refire á alimentación, sendo a súa creación, apertura e explotación de exclusiva competencia municipal.

Referirase o presente Regulamento á prestación do servizo do Mercado Municipal de Abastos que teña lugar no Mercado Municipal de Abastos de Bueu, sito na rúa Montero Ríos desta vila ou noutros que se puideran crear con tal destino polo Concello de Bueu.

O servizo público sinalado asúmese expresamente como propio desta Administración, á luz da atribución de competencias prevista no apartado 2.i) do art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A prestación deste servizo desenvolverase de acordo co establecido neste Regulamento e resolucións que en aplicación do mesmo se diten, sen poder vulnerar a liberdade de competencia comercial.

### **Art.2.Ámbito subxectivo**

O presente Regulamento resultará de aplicación:

- Aos/as concesionarios/as dos postos, que son aqueles que, polo prestación do servizo a través da oportuna concesión, asuman unha relación especial co Concello, adquirindo o dereito ao uso das instalacións de conformidade e co cumprimento dos deberes establecidas no Regulamento e cos pregos que, no seu momento, rexan as concesións.
- Aos particulares usuarios do Mercado Municipal de Abastos, que disporán da posibilidade de uso do servizo que nas instalacións se leven a cabo segundo o réxime establecido neste Regulamento, nas normas que rexen a actividade comercial e demais aplicables segundo o tipo de actividade a desenvolver.
- Á administración titular do servizo e das instalacións do Mercado Municipal de Abastos, que será o Concello.
- De ser o caso, ao xestor indirecto do servizo, que poderá ser calquera entidade que cumpra cos requisitos de capacidade de solvencia que se establezan no procedemento de licitación, de conformidade ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou norma que a substitúa.

## **CAPÍTULO II. MODALIDADES DE PRESTACIÓN E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE AOS POSTOS**





### Art. 3. Xestión do servizo

O servizo prestarase en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente, ben sexa mediante xestión directa (art.85.2.A) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art.41 e seguintes do Decreto do 17 de xuño de 1955, de Servizos das Corporacións Locais, ou normas que as substitúan) ou indirecta (art.85.2.B), da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local en relación co art.284 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou normas que as substitúan), de acordo coa modalidade que en cada momento se determine polo órgano competente.

### Art.4. Réxime xurídico aplicable aos postos.

A ocupación en concreto de cada posto revestirá os caracteres propios dunha concesión administrativa demanial, que se outorgará segundo o establecido no art.78 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, art.93 da Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas e, no relativo ao procedemento de outorgamento, Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou normas que as substitúan, na medida en que resulten de aplicación.

Entenderase por postos fixos os que formen parte da propia estrutura do Mercado e se destinan á venda de artigos alimenticios de primeira necesidade ou, excepcionalmente, a outras actividades que, sen ser do ramo da alimentación, se consideren complementarias ou de utilidade, sen poder exceder do 30% do seu número total.

Os postos do Mercado haberán de destinarse á venda dos seguintes artigos.

- a. Carnes frescas
- b. Despoxos de reses
- c. Aves, caza e ovos
- d. Pescados frescos
- e. Carnes, pescados e artigos conxelados
- f. Froitas e hortalizas
- g. Comestibles, chacinas e ultramarinos
- h. Aliños, aderezos e outros produtos similares
- i. Flores
- j. Droguería, plásticos e artigos de limpeza
- k. Bar ou cantina





1. Calquera outra actividade susceptible de ser prestada no Mercado Municipal de Abastos que se acorde polo órgano municipal competente.

### **CAPÍTULO III. RÉXIME BÁSICO DE EXPLOTACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**

#### **Art.5 Denominación.**

As instalacións destinadas á prestación do servizo de Mercado Municipal de Abastos que se regula denominaranse, no seu conxunto, “Mercado Municipal de...” segundo o lugar ou parroquia do Concello onde se desenvolva o seu labor, sen que se poida engadir nome, siglas, sinaturas comerciais ou marcas de ningún tipo.

Toda a documentación administrativa do mesmo levará impreso o selo oficial.

Os modelos de documentos e impresos deberán de ser, así mesmo, autorizados polo Concello.

#### **Art. 6. Normativa reguladora.**

As diferentes instalacións e a prestación do servizo adaptaranse, en todo momento ao establecido neste Regulamento, á normativa reguladora da material que sexa que obrigatoria observancia e, en concreto, á Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, con respecto das actividades ás que resulta de aplicación e á Lei 7/1996 do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista, ou aquelas que as substitúan. Especialmente deberían de terse en conta as disposicións específicas en materia sanitaria e de control de alimentos e bebidas.

As relacións comerciais entre os/as concesionarios/as e os/as usuarios/as do servizo rexeranse exclusivamente polo dereito privado.

#### **Art. 7 Condicións dos postos.**

Cada un dos postos onde se preste o servizo disporá das instalacións e condicións mínimas esixidas pola normativa reguladora segundo o tipo de venda que se realice, incluíndo, de así ser necesario, cámaras frigoríficas.

A posible ampliación do servizo que implique a construción de novos postos, así como a construción de novos Mercados Municipais de Abastos, será asumida directamente polo Concello ou, sempre que elo resulte posible en atención ao réxime de xestión do servizo establecido, a través da concesión de obra pública, de conformidade ao establecido no art.14 e art. 247 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou norma que a substitúa.





Procurarase que cada Mercado conte con cámaras frigoríficas, que só serán utilizadas polos concesionarios/as dos postos, salvo que por falta de espazo ou impedimentos técnicos non sexa posible.

#### **Art.8 Libro de reclamacións.**

En cada Mercado existirá, a disposición dos usuarios/as, un Libro de Reclamacións, debidamente foliado, numerado e selado co selo do Concello.

A estes efectos, en cada mercado figurará unha inscrición ben visible co seguinte texto: “Neste Mercado existe un Libro de Reclamacións a disposición do público; para a súa utilización, dirixirse ao/á vixiante ou ao Concello”

Así mesmo, tamén existirá a disposición do público un buzón de suxestións.

#### **Art.9 Horario de funcionamento.**

Compete ao órgano competente do Concello, oídas as organizacións empresariais do sector e concesionarios/as de postos e as súas asociacións, a fixación do horario de apertura e peche do Mercado Municipal de Abastos, así como a organización e regulación da carga e descarga de mercadorías.

Durante as horas de venda ao público non se poderán transportar xéneros en carretillas polos corredores, ocupalos con envases e outros obxectos ou estacionarse os/as titulares dos postos ou os/as seus/súas dependentes de forma que impidan ou dificulten o tránsito do público.

A entrada de carnes no Mercado Municipal de Abastos realizarase baixo a vixilancia do/da vixiante, encargado/a do Mercado ou a inspección veterinaria, a documentación sanitaria que resulte establecida. No caso de non posuír dita documentación, estarase ao que determine a Inspección Veterinaria.

O horario de entrada de peixe será fixado polo órgano competente, oída a Inspección Veterinaria, organizacións empresariais do sector e concesionarios/as de postos e as súas asociacións.

O Concello, oídos os concesionarios/as de postos ou as súas asociacións, poderá autorizar a entrada por estes no Mercado fóra das horas de venda, para o despece de canles, entrada de vultos, limpeza de postos, preparación e retirada de xénero, así como para o acondicionamento dos postos.

#### **Art. 10 Prohibición de publicidade, venda ambulante e rifas.**

No Mercado Municipal de Abastos non se admitirá ningún uso de publicidade comercial que non sexa o propio nome do titular de cada posto, quedando prohibido en calquera caso o voceo, o uso de altofalantes ou de calquera outro medio sonoro para ofrecemento das mercadorías ou produtos.







Igualmente quedan prohibidas a venda ambulante e as rifas.

**Art. 11 Báscula de repeso.**

Nos Mercados de Abastos instalárase unha báscula de repeso para que o público poida en todo momento efectuar as comprobacións de peso dos artigos adquiridos.

En tal báscula colocárase un cartel no que se lerá: “Báscula de repeso a disposición do público”.

En caso de reclamación por estimar falta no peso, o comprador/a, sen abandonar o posto onde adquira o produto, interesará a presenza do/a vixiante, ou no seu defecto, dun garda da Policía Local, quen seguidamente efectuará o repeso do artigo en cuestión.

Constatada a anomalía, poranse os feitos en coñecemento do órgano competente e do presunto infractor, para a incoación do correspondente expediente sancionador.

**Art.12 Inspección sanitaria e control de alimentos e bebidas.**

O servizo de inspección sanitaria do mercado corresponde aos organismos competentes d Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Exerceráse a través do Servizo de Inspección Veterinaria asignado neste Concello.

Corresponderalle á Inspección Veterinaria o exercizo de cantas comprobacións, exames e demais actuacións sexan necesarias para comprobar o axeitado estado hixiénico – sanitario dos produtos que se venderán no Mercado Municipal de Abastos, de conformidade coa súa propia normativa reguladora e a que sexa aplicable neste eido.

Neste senso, poderán advertir aos servizos municipais das posibles deficiencias na limpeza do Mercado; na desinfección, desinsectación e desratización das súas dependencias; na conservación, manexo e venda dos produtos alimenticios; nas condicións hixiénico – sanitarias dos postos, instalacións, cámaras frigoríficas, así como os vehículos que transporten xéneros relacionados co mesmo, e cantos extremos entendan de interese para garantir a total seguridade dos consumidores/as e usuarios/as nas dependencias do Mercado Municipal de Abastos.

En todo caso, non se permitirá por á venda ningunha partida de peixe sen que previamente fora examinada pola Inspección Veterinaria. De acordo coas normas de Sanidade vixentes, esixíranse as caixas novas ou perfectamente limpas.





## **CAPÍTULO IV. DOS XESTORES DO SERVIZO**

### **Art.13 Obrigas do xestor do servizo.**

A entidade que xestione o servizo do Mercado Municipal de Abastos, independentemente da forma de prestación deste (directa ou indirecta), terá as seguintes obrigas:

- Ocuparase da apertura e funcionamento das instalacións de conformidade co precisado neste Regulamento.
- Levará un rexistro adecuado das concesións administrativas outorgadas a cada un dos postos, no que constarán a data da concesión, o seu titular, o prazo de outorgamento, o cano satisfeito, as subrogacións, transmisións ou hipotecas autorizadas, e demais datos de interese que consten no acto de concesión.
- Manterá un inventario actualizado dos bens adscritos a tal prestación, tales como básculas, cámaras frigoríficas etc.
- Corresponderalle o coidade, limpeza, acondicionamento, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións. Esta obriga conleva a apertura e peche das mesmas.
- Levará a cabo, en definitiva, tódalas actuacións necesarias para garantir o acomodo das instalacións aos requisitos precisados na devandita normativa aplicable, así como desenvolver o servizo de estrita suxección á mesma. Especialmente coidará do cumprimento dos requisitos establecidos no Capítulo III relativo á explotación do Mercado, tales como a existencia de Libros de Reclamacións, báscula de repesado, calidade e control dos produtos, horario de funcionamento...
- Elaborará anualmente unha memoria sobre o realizado, na que se incluírán cifras sobre a actividade desenvolvida, produtos obxecto de comercio, persoal empregado, reclamacións e demandas en xeral dos usuarios/as, incidencias e tódolos aspectos que entenda de interese. Tal memoria presentarse ao Departamento municipal competente, informarase polo responsable municipal e, xunto cunha memoria xeral e conformada da prestación en xeral do servizo de Mercados Municipais no Concello a efectuar polo mesmo órgano administrativo, serán presentadas á Concellería delegada, quen dará conta das mesmas na Comisión informativa correspondente ou, de así estimalo, ao propio Pleno corporativo. Xunto con tal memoria entregarase o Libro de reclamacións para o seu exame e devolución, sen prexuízo de comunicar ao Concello as queixas dos usuarios/as cando se produzan e do dereito destes a interpor os recursos oportunos contra os actos do xestor.

-





#### **Art.14 Xestión indirecta.**

O servizo poderá prestarse por calquera das formas de xestión indirecta contempladas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou normas que a substitúan.

Expresamente admítese que tal xestión poida realizarse por asociacións, nas que integren oss/as concesionarios/as dos postos de mercado, sempre e cando teñan plena capacidade de obras, non se atopen incursas en prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional nos termos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou normas que a substitúan.

Independentemente das obrigas precisadas no art. Anterior e das que deriven da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou normas que a substitúan, a entidade xestora do servizo, deberá:

- Designar un responsable do servizo, co perfil máis adecuado, ao que o Concello se poida dirixir en concreto, ao tempo que coordine a actividade da xestora. Este xestor contará coa debida representación da concesionaria, acreditada a través da oportuna escritura de apoderamento.
- Permitirá o control, administrativo e especialmente sanitario, das autoridades municipais e, das instalacións, produtos destinados á venda, inventarios de material e, en xeral, dos elementos afectos á prestación do servizo e do modo concreto do seu desenvolvemento. Neste senso, calquera funcionario, empregado ou autoridade municipal relacionado co servizo, poderá examina-las instalacións e o servizo en calquera momento.
- Adaptarase en todo o relativo á prestación do mesmo ás ordes e instrucións que lle sexan dados polos servizos municipais ou administrativos competentes.
- Elevará ao Concello, a través da concellaría delegada do servizo ou da alcaldía, caso da inexistencia da primeira, cantas propostas ou suxestións teña por convenientes para a mellor prestación do servizo.

## **TÍTULO II RÉXIME DOS POSTOS**

### **CAPÍTULO I. DEFINICIÓN**

#### **Art.15 Natureza xurídica.**

A ocupación en concreto de cada posto conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante.

Este título, terá consideración dunha concesión administrativa, que se rexerá polas disposicións contidas no art. 78 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, art.93 e





seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e, no relativo ao procedemento de outorgamento, Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou normas que as substitúan.

**Art.16 Destino dos postos.**

En principio, o/a concesionario/a dun posto poderá adicalo a calquera das actividades que se precisan neste Regulamento, non obstante, e para supostos excepcionais nos que exista demanda de determinados produtos de primeira necesidade, que non sexan ofertados en grado suficiente nin polo servizo municipal do mercado de abastos nin pola iniciativa privada sempre que elo resulte permitido polas normas en materia de libre competencia, o Concello poderá reservar a concesión de determinados postos ao servizo da venda destes produtos.

En todo caso, o Concello poderá autorizar o cambio de especie de venda dos postos dos mercados.

**Art. 17 Titulares dos postos.**

Só poderán ser titulares de postos as persoas naturais ou xurídicos de nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea, con plena capacidade xurídica e de obrar e que non teñan ningún tipo de débeda nin coa Seguridade Social nin con ningunha Administración tributaria.

Os postos non poderán ser atribuídos a dúas ou máis persoas en común e non poderán estar suxeitos a condicións ou gravames de ningunha clase, agás o establecido no art.18.

Non poderán ser titulares de postos os comprendidos nalgún dos casos de prohibición para contratar sinalados na normativa sobre contratación administrativa.

**CAPÍTULO II. ADXUDICACIÓN, TRANSMISIÓN E GRAVAME**

**Art. 18. Adxudicación.**

O outorgamento da concesión realizaras en réxime de concorrencia seguindo a tramitación establecida na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou normal que a substitúa, de conformidade aos pregos previamente aprobados polo órgano competente.

Se celebrada a licitación quedasen sen adxudicar postos, estes poderán ser asignados a través do procedemento de licitación con negociación, sempre e cando elo resulte do establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou norma que a substitúa.





**Art. 19. Dereitos reais sobre os postos, transmisión e gravame.**

O titular da concesión conta cun dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que teña construído para o exercizo da actividade autorizada polo título da concesión.

Tal dereito só pode ser cedido ou transmitido mediante negocios xurídicos entre vivos ou por causa de morte ou mediante a fusión, absorción ou escisión de sociedades, polo prazo de duración da concesión, a persoas que conten coa previa conformidade do órgano competente para outorgar a concesión.

Tal dereito só poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión para financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.

En todo caso, para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión. As hipotecas constituídas sobre ditos bens e dereitos se extinguen coa extinción do prazo da concesión.

**Art. 20 Autorización municipal.**

Calquera alteración no contido das concesións outorgadas, deberá de ser autorizada polo Concello, dando lugar á extinción da concesión calquera alteración producida sen esta.

**CAPÍTULO III. RÉXIME DA ACTIVIDADE**

**Art. 21. Dereitos dos/das concesionarios/as dos postos.**

Os/as concesionarios//as dun posto do Mercado Municipal de Abastos, designados como tales a través do procedemento licitatorio ao efecto, disporán dos seguintes dereitos:

- A utilizar os bens do Mercado Municipal de Abastos necesarios para poder desenvolver as súas actividades.
- Cando deba desocuparse algún Mercado por traslado das súas actividades a outro novo, terán dereito a ocupar un posto da mesma clase no novo, terán dereito a ocupar un posto da mesma clase no novo, polo tempo que restase para a extinción da concesión orixinaria. No seu defecto, terán dereito a que se lles indemnice de acordo co disposto para os casos de resolución anticipada no art. 28 deste Regulamento.
- Á utilización da cámara frigorífica común, de acordo coas seguintes regras:
  - A ocupación, por cada un dos postos, da cámara será de 0,50 m2 en superficie.





- O horario de apertura ou peche da cámara, que será diario e de mañá, será determinado pola Alcaldía ou Concellería delegada a proposta do xestor do servizo.

#### **Art. 22 Obrigas dos/das concesionarios/as dos postos.**

Os/as concesionarios/as de cada un dos postos terán as seguintes obrigas:

- Deberán desenvolver a súa actividade persoalmente, sen prexuízo da colaboración directa de cónxuxe, ascendentes ou descendentes nos termos previstos na lexislación laboral. Noutro caso, o/a titular está obrigado/a a amosar o contrato de traballo da persoa que preste servizos baixo a súa dependencia e as cotizacións á Seguridade Social.

Os postos autorizados a persoas xurídicas serán atendidos por quen a represente ou os seus dependentes laborais.

A actuación dos colaboradores do/a titular deberá ser autorizada, previamente, polo Concello, debendo concorrer en ditos colaboradores os seguintes requisitos:

- Dispor do correspondente carné de identificación, así como do carné de manipulador de alimentos.
- Estar afiliados á Seguridade Social e cumprir a normativa laboral.

Os/as titulares deberán de ter, a disposición das autoridades municipais ou competentes en materia de inspección sanitaria, un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello no momento da concesión.

Xunto con este exhibirase un documento de identificación do/a propio/a titular que incluíra a fotografía do interesado/a.

Así mesmo, deberán dispor do carné de manipulador de alimentos.

Os colaboradores do/a titular tamén deberán de estar en posesión do correspondente carné de identificación e de manipulador de alimentos, que poderán ser requiridos polas autoridades competentes.

Os devanditos documentos deberán de renovarse para o caso de perda, substracción ou deterioro.

- Satisfacer a contía do canon da concesión ou taxa de utilización dos postos, na forma e prazos de ingreso que se determine no título da concesión ou Ordenanza Fiscal.
- Manter en bo estado a porción de dominio utilizado e, no seu caso, as obras que se executen.
- Exercer a súa actividade comercial durante as horas sinaladas.





- Expor á vista do público unha mostra de tódolos artigos que se expendan, cos seus respectivos prezos.
- Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada, esixindo esta obriga aos seus traballadores/as e colaboradores/as.
- Coidar de que os seus respectivos postos e espazos lindantes se atopen en todo momento en bo estado, limpos e libres de obstáculos e residuos.
- Realizar o depósito ou verquido de residuos nas horas e nos contedores ou recipientes destinados a tal fin nas dependencias do Mercado Municipal de Abastos trasladándoos en bolsas que impidan perder ou derramar o seu contido, que baixo ningún concepto poderá ser arroxado aos corredores e outros lugares comúns.
- Satisfacer puntualmente as exaccións que lles corresponde aboar, tendo a disposición os recibos acreditativos do pagamento dos mesmos.
- Facilitar os datos e comprobacións que lles sexan solicitados pola Administración ou Servizos Veterinarios e sanitarios.
- Dispor dos instrumentos de pesar e medir necesarios, que deberán axustarse aos modelos homologados oficialmente, procurando o uso de balanzas automáticas, que se colocarán de forma que o peso poida ser visto e comprobado polos/as compradores/as.
- Exhibir ao xestor do Mercado Municipal de Abastos, funcionarios/as municipais, da Inspección Veterinaria ou da Inspección de Abastos, así como á Policía Local, cantos artigos teñan á venda, incluso os depositados en armarios e envases, sen que poidan oporse ao recoñecemento dos mesmos nin á súa inutilización caso de que sexan declarados, logo do ditame da Inspección Veterinaria, non aptos para o consumo. Elo sen prexuízo das reclamacións, queixas ou recursos que poidan interpor contra a actuación e declaración referida.
- Gardar en todo momento absoluta corrección co público e persoal municipal do servizo.
- Cumprir cantas outras obrigas resulten deste Regulamento e demais disposicións legais que sexan de aplicación en materia de sanidade, abastos, policía, alimentación e comercio.

### **Art. 23 Prohibicións.**

Con carácter xeral, establécense as seguintes prohibicións:

- Expende as mercadorías fóra dos postos ou en postos distintos dos que lle correspondan.





- Tocar sen o emprego de elementos de protección a mercadoría exposta, singularmente aqueles produtos susceptibles de fácil contaminación.
- Limpar despozos no Mercado Municipal de Abastos durante o horario sinalado para a venda ó público.
- Lavar nos postos o peixe destinado á venda, salvo a solicitude do comprador/a para a súa preparación para o consumo.
- Dispor de recipientes e outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas ou almacenar calquera clase de produtos insalubres.
- Utilizar recipientes ou medios de transporte que poidan ocasionar deterioro do pavimento do recinto.
- Arrojar lixo e residuos nas dependencias ou zonas de afluencia do público.
- Expor os produtos que precisan regulamentariamente conservación por frío fóra dos mobles frigoríficos adecuados en casa caso.
- Reconxelar os alimentos que sufriran cambios de temperaturas que lles puideran facer perder as súas condicións específicas.
- Vender a granel ou fraccionadamente cando estea prohibida dita forma de venda nas Regulamentacións Técnico- Sanitarias ou Normas específicas correspondentes.
- Utilizar papeis periódicos, impresos, etc, para envolver os produtos. Non terán a consideración de papel impreso o papel novo que leve consignado o nome, enderezo do vendedor/a ou outras indicacións sobre a cara que non vaia estar en contacto co alimento.

#### **CAPÍTULO IV. OBRAS, INSTALACIÓNS E SERVIZOS**

##### **Art. 24 Execución de obras.**

Toda obra de modificación, adaptación ou reforma dos postos que desexen levar a cabo os/as concesionarios/as, deberá facerse de conformidade cos modelos establecidos ou que poida establecer a Corporación.

Sen a previa autorización do Concello non poderán os/as concesionarios/as dos postos realizar obras nin instalacións de ningunha clase nos mesmos. Os/as concesionarios/as dos postos demolerán a súa costa as obras non autorizadas, vindo obrigados a reparar e indemnizar os danos ocasionados a persoas ou cousas.

##### **Art. 25 Destino das obras.**

Cantas obras e instalacións se realicen nos postos e queden unidas de modo permanente ao piso, paredes e demais elementos integrantes do inmovible do Mercado Municipal de Abastos serán adquiridas gratuitamente e libres de cargas e gravames polo Concello, á







finalización do prazo da concesión. Entenderase que tales obras están unidas de modo permanente cando non se poidan separar dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto, dano ou deterioro destes.

**Art. 26 Conservación e mantemento.**

Serán de conta e cargo dos concesionarios/as dos postos as obras de conservación e/ou mantemento dos mesmos. O Concello poderá impor a realización de ditas obras ou executalas por si, sen prexuízo, neste caso, de reclamar o seu importe ao titular correspondente.

**Art. 27 Subministro de enerxía.**

Serán de conta dos concesionarios/as dos postos os abonos polos consumos de electricidade. O Concello procurará que a pé de posto exista unha toma de electricidade, co fin de que cada concesionario/a poida instalar o seu respectivo contador e aboar o consumo unitario de dito servizo.

**CAPÍTULO V. DURACIÓN E EXTINCIÓN**

**Art. 28 Duración máxima das concesións.**

Fíxase en 20 anos, sen que poida superarse mediante prórroga ou transmisión de ningún tipo.

**Art. 29 Resolución anticipada por renuncia xustificada do/da concesionario/a.**

Os/as concesionarios/as dos postos, por causas debidamente xustificadas que impidan o desenvolvemento da actividade de por si, ou que a fagan extraordinariamente gravosa, poderán instar do Concello a resolución anticipada da concesión. Neste caso terán dereito á retirada de cantos elementos do negocio admitan a súa separación sen dano ou menoscabo das instalacións, e a unha indemnización equivalente ao canon satisfeito ao Concello, debidamente actualizado e prorrateado en atención ao tempo transcorrido da concesión.

Tal indemnización satisfarase polo Concello con cargo ao canon obtido no novo procedemento licitatorio ao que se someterá o posto en cuestión.

**Art. 30 Causas de extinción.**

Sen prexuízo do disposto noutros preceptos deste Regulamento, as concesións extínguense por:

- a) Morte ou incapacidade sobrevida do/da concesionario/a individual ou extinción da personalidade xurídica.
- b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do concesionario.
- c) Caducidade por vencemento do prazo.





- d) Rescate da concesión.
- e) Mutuo acordo.
- f) Falta de pagamento do canon, falta de pagamento durante tres mensualidades consecutivas ou 6 alternas das taxas ou calquera outro incumprimento das obrigas do/a titular da concesión, que conleve extinción da concesión.
- g) Desaparición do ben.
- h) Desafectación do ben, procedendo a súa liquidación.
- i) Renuncia xustificada do/da titular.
- j) Non ocuparse ou permanecer pechado o posto durante máis de noventa días, nun mesmo período anual, salvo que exista autorización municipal para elo.
- k) Ter sido sancionado por infracción moi grave das previstas no presente Regulamento na que se impoña como sanción a extinción da concesión.

#### **Art. 31 Paralización da venda.**

Para os casos de imposibilidade transitoria de exercicio da actividade, principalmente por causa de enfermidade ou similares debidamente xustificativas e acreditadas, o Concello, a solicitude do/da concesionario/a e sempre que non exista persoa dependente deste/a que poida facerse cargo da explotación do posto, poderá permitir o peche do mesmo.

En todo caso, o non exercicio polo titular por prazo de máis de 6 meses producirá a caducidade da concesión, sen prexuízo do titular a instar a resolución anticipada ao abeiro do establecido no art. 29 deste Regulamento.

#### **Art. 32 Efectos da extinción.**

Á extinción da concesión, calquera que fora a causa, os/as titulares deberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto da utilización.

O Concello, en caso contrario, poderá acordar e executar por si o desafuzamento en vía administrativa.

### **TÍTULO III DOS USUARIOS**

#### **Art. 33 Dereitos dos/das usuarios/as do servizo.**

Son dereitos dos/das usuarios/as dos servizos que se presten no Mercado Municipal de Abastos:

- Ter acceso aos servizos de conformidade dos principios constitucionais de igualdade e non discriminación.





A preferencia para a prestación do servizo corresponderá a quen, con estrita suxección á orde temporal, primeiro o solicite.

- A estar claramente informado/ das normas de funcionamento do Mercado, dos seus dereitos e obrigas.
- Ter a garantía de que os servizos se prestan con continuidade.
- A utilización das instalacións referidas de conformidade co presente Regulamento e a normativa xeral reguladora das mesmas.
- A solicitar das autoridades municipais o correcto funcionamento e estado das instalacións, denunciando cantas irregularidades poidan observar nas mesmas.
- A presentar os recursos, queixas e reclamacións procedentes contra os actos de xestión do servizo, ante o órgano competente.
- Os demais dereitos recoñecidos pola normativa de aplicación.

#### **Art. 34 Deberes dos/das usuarios/as do servizo.**

Son deberes dos/das usuarios/as dos servizos que se presten no Mercado Municipal de Abastos:

- A utilización en xeral das instalacións incluídas no eido deste Regulamento de conformidade co seu destino e natureza, sen dano ou menoscabo ningún nas mesmas e con pleno respecto aos dereitos dos demais usuarios/as destas.
- O acatamento das instrucións que, en cumprimento deste Regulamento ou da normativa xeral reguladora, lle sexan dadas polo Concello ou xestor responsable.
- O pagamento dos danos ocasionados ás instalacións mediando dolo ou culpa.
- Non tocar nin sobar as mercadorías expostas ao público, cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorables.

### **TÍTULO IV. DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO MERCADO**

#### **Art. 35 Órgano municipal competente.**

Corresponde á autoridade do/da Alcalde/sa a dirección, inspección e impulsión do servizo do Mercado Municipal de Abastos.

#### **Art. 36 Administrador do Mercado Municipal de Abastos.**

Baixo a dependencia orgánica e funcional da Concellería delegada competente en materia de servizos haberá un Administrador do Mercado Municipal de Abastos.

Asumirá as funcións de Administrador do Mercado Municipal de Abastos o/a funcionario/a ou traballador/a que ostente o posto ao que tal competencia así se lle asigne na Relación de Postos de Traballo do Concello. Entre outras, corresponderanlle as seguintes funcións:





- Velar pola boa orde, policía e limpeza do Mercado Municipal de Abastos e o adecuado uso das instalacións de común utilización.
- Vixiar a actividade mercantil que se rexistre no Mercado, a fin de que discorra por canles legais, dando conta á autoridade competente de cantas anomalías observe.
- Atender as queixas e reclamacións do público e titulares dos postos e resolvelas ou transmitilas en cada caso a quen corresponda.
- Practicar as inspeccións dos postos e todas aquelas instalacións que se relacionen co Mercado Municipal de Abastos, estando facultado para esixir aos/ás concesionarios/as canta documentación sexa de interese concernente á explotación do posto en cuestión.
- Inspeccionar en todo momento os instrumentos de peso e medidas e coidar do servizo de repeso, exercendo esta facultade inspectora, con carácter xeral e extensiva a tódolos postos, ao menos unha vez ao ano.
- Practicar as notificacións aos/ás titulares de concesións dos postos e manter á Administración Municipal continuamente ao corrente, mediante a remisión dos oportunos partes de cantos asuntos relevantes afecten ao Mercado Municipal de Abastos.
- Dirixir ao persoal afecto á Unidade de Mercados.
- Formular propostas para a mellora do servizo.
- Velar pola conservación e mantemento do edificio do Mercado Municipal de Abastos e as súas instalacións, recabando a intervención dos Servizos Técnicos dos postos e de reclamacións.
- Recopilar, clasificar e ordenar os datos estatísticos sobre prezos, procedencias e cantidades de xéneros entrados e vendidos, de acordo coas instrucións que reciba.
- Coidar da administración económica e da contabilidade do Mercado Municipal de Abastos, vixiando a puntual recadación dos cánones e taxas e dando conta dos atrasos e faltas de pago que se produzan.
- Denunciar as infraccións do Regulamento que puideran cometer os/as concesionarios/as, e emitir os informes que lles foran solicitados.
- Especialmente, colaborará coa Inspección veterinaria e prestaralle o apoio que reclame, dándolle cumprida conta daqueles produtos, xéneros ou mercadorías que non teñan as debidas autorizacións ou que presenten aspecto insalubre ou deteriorado.





- Cantas outras funcións se deriven da aplicación deste Regulamento ou lle foran encomendadas polo órgano competente.

### **Art. 37 Potestades do Concello.**

A fin de garantir o correcto funcionamento do servizo, o Concello poderá:

- Esixir a observancia das normas relativas ao desenvolvemento do servizo por parte de xestores, concesionarios/as dos postos e usuarios/as, podendo, logo do oportuno expediente no que se dea audiencia ao interesado/a, adoptar cantas medidas ou impoñer as sancións que ao respecto veñan establecidas neste Regulamento ou na normativa aplicable.
- Esixir o pagamento do canon ou taxa correspondente por parte dos/das concesionarios/as dos postos.
- Ordenar e executar o desaloxo dos postos que, en aplicación do disposto neste Regulamento, deban de quedar libres e vacantes.

Estas medidas poderán facerse efectivas por mediación do/da encargado/a da vixilancia ou Administrador do Mercado Municipal de Abastos, ou a través dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou norma que a substitúa, para a executoriedade dos actos administrativos e no Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, incluíndo a vía de constrinximento e o desafiuzamento administrativo.

## **TÍTULO V. RÉXIME SANCIONADOR.**

### **CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

#### **Art. 38 Faltas dos/das concesionarios/as dos postos.**

As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Considéranse faltas leves:

- A omisión da necesaria limpeza nos postos e locais do Mercado, así como nas zonas comúns.
- O descoido no aseo persoal dos/das concesionarios/as ou os/as seus/súas colaboradores/as.
- Arrojar residuos e lixo nos pasos comúns, dependencias e zonas de confluencia do Mercado Municipal de Abastos.
- O abandono de envases e mercadorías en recintos comúns, incumprindo normas ou directrices establecidas ao respecto.
- O transporte de mercadorías en horario de venda.





- A inobservancia das instrucións dimanantes do Concello ou da Inspección Sanitaria.
- As incorreccións, a violencia verbal e a promoción de escándalos co público e persoal municipal do servizo.
- Causar, mediando dolo ou negligencia grave, danos ao edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 1.500 euros.
- A colocación do peso de forma que este non resulte claramente visible para os/as compradores/as.
- Manter o posto pechado durante máis de 30 días consecutivos e menos de sesenta en período anual, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo Concello.
- O incumprimento do horario establecido en canto á venda e entrada e saída do Mercado.

Constitúen faltas graves:

- A comisión de tres faltas leves no transcurso dun ano.
- Incumprir a normativa en vigor en materia de sanidade alimentaria.
- A venda de artigos de especie distinta á autorizada polo Concello.
- A negativa a exhibir os albaráns da mercadoría ou calquera outra documentación relacionada co negocio cando sexan requiridos para elo por persoal autorizado.
- Os altercados ou pendencias que produzan escándalo dentro do Mercado Municipal de Abastos ou nas súas inmediacións, con resultado de lesións ou danos.
- As ofensas leves de palabra, ou de obra, ás Autoridades Municipais, empregados do Mercado Municipal de Abastos, da Inspección Sanitaria, Axentes da Autoridade ou ao público ou usuarios/as do Mercado Municipal de Abastos.
- Causar, mediando dolo ou negligencia grave, danos ao edificio do Mercado Municipal de Abastos, postos ou instalacións por valor de 1.500 euros ou superior, e inferior a 3.000 euros.
- O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.
- As defraudacións da cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.
- O peche do posto durante sesenta ou máis días e menos de noventa días, en período anual, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo Concello.

Terán a consideración de faltas moi graves:

- A comisión de tres faltas graves no transcurso dun ano.





- Provocar disturbios no funcionamento normal dos servizos, impedindo a realización de vendas ou enfrontando gravemente aos usuarios/as entre si ou co persoal do servizo.
- Ocasionar danos por valor de 3.000 euros ou superior nas instalacións por dolo ou negligencia grave.
- As ofensas graves, de palabra ou de obra, ás Autoridades Municipais, empregados do Mercado Municipal de Abastos, da Inspección Sanitaria, Axentes da Autoridade ou ao público usuario do Mercado.
- A modificación da estrutura ou instalacións dos postos sen autorización municipal.
- A cesión do posto ou o seu aluguer.
- O peche do posto durante máis de noventa días nun mesmo período anual, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo Concello.
- O incumprimento do disposto no art.22 do presente Regulamento respecto aos colaboradores/as.
- As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos que deran lugar a sanción por infracción grave á disciplina do mercado.
- O incumprimento da normativa relativa ás condicións hixiénico – sanitarias dos alimentos.
- O incumprimento grave das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza e hixiene dos postos.

**Art. 39 Apertura simulada dos postos.**

Os prazos que se establecen no art. anterior respecto ás faltas por peche dos postos non se interrompirán pola apertura do posto durante un ou varios días co obxecto de simular aparencia de venda. A estes efectos entenderase que existe simulación, aparte de por outras circunstancias acreditativas, cando a cantidade e prazo de artigos postos á venda non corresponda á que poida considerarse como de actividade normal do mesmo posto.

**Art. 40 Sancións por faltas cometidas polos/as concesionarios/as dos postos.**

As faltas cometidas polos concesionarios/as dos postos sancionaranse da seguinte forma:

- a) Sanción por faltas leves: apercibimento ou multa de 6,00 a 30,00 euros.
- b) Sanción por faltas graves: multa de 30,01 euros a 90,00 euros e/ou suspensión das actividades de venda no posto ata quince días.





- c) Sanción por faltas moi graves: multa de 90,01 euros ata 300,00 euros e suspensión das actividades de venda no posto ata trinta días, ou extinción da concesión do posto.

**Art. 41 Infraccións do xestor indirecto do servizo.**

Ademais das que sexan deducibles conforme á normativa de aplicación con respecto da xestión indirecta e pregos reitores do concreto contrato, considéranse faltas leves:

- As lixeiras desconsideracións ou faltas do respecto debido aos concesionarios/as dos postos ou aos/ás usuarios/as dos servizos que se produzan nos locais.
- Causar, mediando dolo ou negligencia grave, danos ao edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 1.500 euros.
- Calquera desorde ou incumprimento de escasa transcendencia das normas sobre o servizo ou instrucións que, no cumprimento deste, lle poidan ser dadas polo propio Concello.
- A tolerancia na comisión de faltas leves polos concesionarios/as dos postos, sen que se efectúe a oportuna denuncia en prazo ao Concello.

Ademais das que sexan deducibles conforme á normativa con respecto da xestión indirecta e pregos reitores do concreto contrato, considéranse faltas graves:

- A reincidencia na comisión de falta leve sobre a que se ditara resolución sancionadora durante o prazo dun ano anterior.
- As desconsideracións ou faltas do respecto debido aos concesionarios/as dos postos ou aos/ás usuarios/as dos servizos que se produzan nos locais.
- Causar, mediando dolo ou negligencia grave, danos ao edificio, postos ou instalacións por valor superior a 1.500 euros e inferior a 3.000 euros.
- Calquera desorde ou incumprimento de transcendencia das normas sobre o servizo ou instrucións que, no cumprimento deste, lle poidan ser dadas polo propio Concello.
- A tolerancia na comisión de faltas graves polos concesionarios/as dos postos, sen que se efectúe a oportuna denuncia en prazo ao Concello.

Ademais das que sexan deducibles conforme á normativa de aplicación conforme á normativa de aplicación con respecto da xestión indirecta e pregos rectores desta, considéranse faltas moi graves:







- A reincidencia na comisión de falta grave sobre a que se ditara resolución sancionadora durante o prazo dun ano anterior.
- As graves desconsideracións ou faltas do respecto debido aos concesionarios/as dos postos ou aos/ás usuarios dos servizos que se produzan nos locais ou dependencias do Mercado Municipal de Abastos.
- Os danos de contía superior a 3.000 euros ocasionados de propósito ou mediando culpa grave ás instalacións.
- Calquera desorde ou incumprimento de transcendencia da normativa, do presente Regulamento ou das instrucións que, no cumprimento do servizo, lle poidan ser dadas polo Concello, cando provoquen a súa paralización.

**Art. 42 Sancións por faltas cometidas polo xestor indirecto do servizo.**

As faltas cometidas polo xestor indirecto do servizo, do que se derive conforme á normativa de aplicación con respecto da xestión indirecta e pregos reitores do concreto contrato, sancionaranse da seguinte forma:

- E) Sanción por faltas leves: apercibimento ou multa de ata 100,00 euros.
- F) Sanción por faltas graves: multa de ata 200,00 euros.
- G) Sanción por faltas moi graves: multa de 300,00 euros. En caso de grave deterioro do servizo, motivada expectativa da paralización da súa prestación, ou danos graves ás instalacións, se poderá dar lugar ao secuestro o servizo, rescate do mesmo ou a resolución do contrato administrativo, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades de todo tipo que puideran concorrer.

**Art. 43 Infraccións dos usuarios/as dos servizos.**

A vulneración dos deberes contemplados no art. 34 por parte dos usuarios/as do servizo será cualificada como infracción leve e provocará a imposición de sanción ata o límite precisado no art. 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ou norma que a substitúa.

**Art. 44 Procedemento sancionador.**

A imposición das sancións previstas no presente Regulamento esixirá a tramitación de previo expediente, que deberá de acomodarse ao regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común ou norma que a substitúa.

En todo caso, teranse en conta os principios contemplados no Capítulo III do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ou norma que a substitúa.





Os expedientes instruíranse pola Concellería delegada competente resolvéndose pola Alcaldía do Concello.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

No Mercado Municipal de Abastos prestarase o servizo de provisión de xeo, que poderá ser reclamado por calquera dos concesionarios/as de conformidade coas seguintes regras:

- Estarán obrigados ao pagamento do prezo público aprobado aquelas persoas que soliciten a provisión do xeo.

O xeo irá destinado preferentemente ao servizo dos titulares, dos postos, non obstante, de existir antecedentes, poderá obte-lo calquera particular, logo do pagamento do prezo público establecido na presente Disposición.

- Para o caso de existencias limitadas terán preferencia para a súa adquisición os titulares de postos destinados á venda de produtos perecedoiros facilmente deteriorables, especialmente peixe e carne.

Entre estes, distribuirase de maneira equitativa polo encargado do posto.

- O importe do prezo público será de:
  - 1 caldeiro: 0,46 euros.
  - 1 caixa pequena: 0,61 euros.
  - 1 caixa normal: 1,21 euros.
  - 1 caixón: 9,02 euros.

Este importe deberá de satisfacerse contra a entrega do ben, no mesmo acto.

O prezo será liquidado polo Administrador do Mercado Municipal de Abastos, quen efectuará semanalmente o ingreso coa liquidación correspondente na conta municipal que lle sexa sinalada pola Tesourería municipal, ou mediante entrega a esta. Tanto a liquidación como a recadación estarán sometidas ao control da Intervención municipal, á que, coa mesma periodicidade, darase traslado da conta – liquidación para o seu control e contabilización.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA**

En tanto non se proceda á aprobación da Relación de Postos de Traballo na que se determine aquel ao que lle corresponderá o desenvolvemento das tarefas propias do Administrador do Mercado Municipal de Abastos, designarase pola Alcaldía, en tanto Xefe do Persoal o funcionario ou traballador que as asumirá.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA**





En consideración á relevancia do servizo prestado polos titulares de concesións de postos do Mercado Municipal de Abastos outorgadas baixo a vixencia do anterior Regulamento, o cal ten resultado esencial para a prestación dun servizo de calidade, se articula a posibilidade de que se pola súa parte se poida continuar na ocupación do posto ou postos de que se trate por período máximo de dez (10 anos) computado dende o día seguinte ao da entrada en vigor do presente Regulamento, a cal se aplicará sempre e cando non se efectúe renuncia formal en prazo dun mes dende dita data. Transcorrido este prazo, o posto quedará libre e vacante, sen posibilidade de prórroga.

Os postos vacantes sacaranse a licitación pública de conformidade co sinalado no presente Regulamento.

Os/as precitados/as concesionarios/as adaptarase en todo o relativo ao seu réxime ao precisado neste Regulamento.

#### **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

No expresamente non sinalado neste Regulamento, será de aplicación o establecido na lexislación local relativa aos seus servizos, así como con respecto das concesións demaniais.

#### **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado integramente no BOP, sempre e cando transcurriera o prazo sinalado polo art. 652 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

